



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE

Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 3 de xaneiro de 2024 recibíuse a solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por JOSE CRESPO IGLESIAS en nome e representación da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra, co núm. **2009/012690-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data **7 de xullo de 2023**, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente/a	JOSÉ CRESPO IGLESIAS en representación da CONCELLO DE LALIN
Vicepresidente/a	CARMEN LAREO MORAO en representación da FUNDACION PACO LAREO
Secretario/a	MARIA JESUS GARCÍA DIEGUEZ en representación da ASOCIACION EMPRESARIOS DE DEZA
Tesoureiro/a	MARIA ANGELES BALDONEDO TABOADA en representación da ASPADEZA
Vogal	KIM LLOBET SABAS en representación da A. MULLERES RURAIS AVELINA VALLADARES
Vogal	ADOLFO CAMPOS VAZQUEZ en representación da CONCELLO DE DOZON
Vogal	OSCAR VAL GARCIA en representación da CONCELLO DE AGOLADA
Vogal	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS en representación da CONCELLO DE A ESTRADA
Vogal	LUIS CELSO TABOADA SANCHEZ en representación da CONCELLO DE VILA DE CRUCES
Vogal	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS en representación da DIPUTACION DE PONTEVEDRA
Vogal	ANA ISABEL DOVAL FRAIZ en representación da CONCELLO DE FORCAREI
Vogal	CECILIA DOPORTO REGUEIRA en representación da A.VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA O RENDAL





Vogal	CARMEN FERNANDEZ PEREIRAS en representación da ASAGA
Vogal	JOSE LUIS FACTOR RODRIGUEZ en representación da CORAL POLIFONICA A GOLADA
Vogal	MARIA CRESPO VARELA en representación da A.DEPORTIVA AGOLADA
Vogal	MARIA DEL CARMEN CASAL TATO en representación da XIRANDOLA
Vogal	ROCIO CORRAL LAZARA en representación da COAFOR
Vogal	PATRICIA MARIA MARTINEZ RODRIGUEZ
Vogal	JOSE LUIS CAMIÑAS VAZQUEZ en representación da CONCELLO DE RODEIRO
Vogal	MONICA GONZALEZ CONDE en representación da CONCELLO DE SILLEDA
Vogal	CARMEN RODRIGUEZ DATORRE en representación da A. CRIADORES DE GALO DE CURRAL

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes .

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**





Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE** de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

